



CONCELLO DE BEGONTE

O Concello de Begonte, organiza o I Concurso de Filloas, co motivo da celebración da Festa do Entroido 2015, que terá lugar o vindeiro 21 de febreiro do 2015 nas instalacións do colexio de Baamonde; as condicións detállanse a continuación:

“BASES DO I CONCURSO DE FILLOAS ”

1ª PARTICIPANTES

O concurso está dirixido os maiores de 18 anos. Poderase participar individual ou en parella.

2ª LUGAR E PRAZOS DE INSCRICIÓN

Para poder participar no concurso deberán inscribirse no Concello de Begonte, de 9.00 a 14.00h, ou enviar o formulario da inscrición que se adxunta coas bases por correo: tasoc@concellodebegonte.es, neste caso a inscrición farase efectiva unha vez recibida a confirmación de inscrito.

O prazo de presentación de inscricións rematará o 19 de Febreiro do 2014 as 14.00h

3ª MÉCANICA DO CONCURSO

O concurso, terá lugar o sábado 21 de Febreiro do 2015 nas instalacións do colexio de Baamonde.

Os participantes, deberán elaborar a masa e as filloas na cociña do colexio de Baamonde, así como a preparación de 10 filloas e a presentación dunha delas. Ambos pratos presentaranse ante o xurado anónimamente.

As 17.00h tódolos inscritos, deberán presentarse no Pavillón de Baamonde. A orde de entrada para a elaboración, realizarase por rigurosa orde de inscrición no Concello ou do correo.

Os participantes deberán traer todo o material necesario tanto para a pre-elaboración da masa como para elaboración das filloas.

O tempo máximo para a pre-elaboración e elaboración será entre 20- 30 minutos.



CONCELLO DE BEGONTE

4ª XURADO

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os premiados estará constituída por un/unha representante do concello e por profesionais da hostelería.

O xurado, degustará as filloas e realizará a valoración según vaian rematando os concursantes.

O xurado á hora de valorar terá en conta os seguintes criterios:

- Sabor (1 a 5 puntos)
- Aroma(1 a 5 puntos)
- Textura(1 a 5 puntos)
- Punto de cocción (1 a 5 puntos)
- Presentación (1 a 5 puntos)

O xurado, constituído ao efecto, elegerá tres gañadores .Este concederá se o considera oportuno algún accésit ou poderá deixar calquera dos premios desertos.

O fallo do xurado será inapelable, unha vez fallado o concurso farase público entre as 19.30-20.00 no Pavillón de Baamonde.

5ª PREMIOS

Establecen os siguientes premios:

1º PREMIO	80 €
2º PREMIO	60€
3ºPREMIO	40€

Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día do desfile, entre as 19.30- 20.00h no Pavillón de Baamonde. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese intre un vale do premio. Para facer efectivo este premio, deberán presentar os vales entre os días 23 de Febreiro e 2 de marzo nas oficinas do Concello acompañado do DNI e certificación da nº da conta bancaria, na que posteriormente se efectuará o correspondente pago.

8ª ACEPTACIÓN DAS BASES

Os participantes, polo mero feito de participar no concurso, aceptan as presentes bases.

Begonte, 22 de Xaneiro do 2015

Alcalde, José Ulla Rocha



CONCELLO DE BEGONTE



FICHA DE INSCRICIÓN

“ I CONCURSO DE FILLOAS ”

NOME.....

APELIDOS.....

DNI.....

DOMICILIO.....

TELÉFONO.....

NOME E APELIDOS DO AXUDANTE.....

DNI.....

Begonte, a de de 2015

Sinatura do solicitante